


RECOMENDACIÓNS LITERARIAS

3 de decembro

DÍA INTERNACIONAL
DAS PERSOAS
CON DISCAPACIDADE



EQUIPO DE BIBLIOTECA

CEIP Cruceiro de Canido

3 de decembro

DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

CO GALLO DO DÍA MUNDIAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE, O EQUIPO DE BIBLIOTECA, QUERE ACHEGARVOS ALGUNHAS RECOMENDACIÓNS LITERARIAS COA FINALIDADE DE AMOSAR A TODOS E TODAS, MAIORES E PEQUENOS, QUE TODOS/AS SOMOS ÚNICOS/AS E VALIOSOS/AS, ASI COMO A IMPORTANCIA DA DIVERSIDADE COMO FONTE DE APRENDIZAXE A TODOS OS NIVEIS.



A partir de 3 anos

Sam é un neno que nos conta que non lle gusta ler, nin escribir, nin facer cálculos. Tampouco lle gustaba á súa nai cando era pequena. Os dous teñen dislexia.

Cando a súa tía lle fala doutras persoas con dislexia, Sam comeza a pensar que pode superar todas as súas dificultades e facer todo o que queira na súa vida.



A partir de 3 anos

Esta é a historia de Juan, pero sobre todo é unha historia de integración e aceptación.

A familia e a amizade son a base imprescindible para conseguilo.

Aínda que, a primeira
vista, poida semellar
diferente, gústanlle as
mesmas cousas que ao
resto dos nenos/as:
pintar, debuxar, crear...
e, o máis importante,
encántalle a vida.



De 3 a 6 anos



De 4 a 6 anos

Moitas veces impresionámonos como son os demais, as cousas que teñen, o que fan... e pensamos que quixeríamos ser coma eles/as. Pero... realmente, gustaríanos? Cada un é como é, non sí? Descubre unha panda moi divertida que ten unha mensaxe moi acertada.



A partir de 4 anos

unha historia sobre a hiperactividade e como xestionar esta desbordante e luminosa enerxía ser prexuízos e dende o amor, para que os máis pequenos comecen a sentirse ben consigo mesmos. Cando Topito esperta... remata a tranquilidade!

Arriba e abaixo, toca todo, distráese, perde cousas... non para un minuto! Todos din que é despistado, maleducado, impulsivo, nervioso, torpe, malo, hiperactivo, pesado... Os seus pais están preocupados, a súa mestra, desesperada; encima, agora ten que presentar un traballo de fin de curso...



A partir de 5 anos

Por que non deixan de mirarme? Por que me sorrí xente que non coñezo? Por que me din cousas sen xeito? Delfina faise moitas preguntas coma estas. Ela é curiosa e ten síndrome de Down.

Esta é unha historia real e sincera dunha nena que aprende amodo e que nos amosa outro xeito de ver o mundo.

Con palabras simples e
unhas ilustracións
cheas de tenrura, a
autora recrea o día a día
dun neno diferente: as
súas dificultades, as
súas cualidades, os
obstáculos que ten que
afrontar...

El cazo de Lorenzo

Isabelle Carrier



Editorial Juventud

A partir de 6 años



A partir de 6 anos

A Blanca cóstalle moito ler; confunde letras, cambia sílabas, substitúe unhas palabras por outras... Xunto aos seus pais, acude á consulta de Ariadna, unha logopeda que lle marcará unhas pautas que axudarán moito a Blanca a superar as súas dificultades.

Este libro pretende ser unha ferramenta que favoreza o coñecemento sobre o autismo marcando, así mesmo, unha serie de pautas para que, aqueles que o rodean, elixan cal pode ser o mellor xeito de apoiar ao seu amigo ou amiga.




A partir de 6 anos




A partir de 7 anos

Hai nenas e menos con diferentes gustos e capacidades, algún veñen de lonxe, outros son doutra raza, outros son doutra cultura ou medraron en familias pouco convencionais... pero todos teñen algo que ofrecer. A diversidade enriquece e, ao fin, é moito máis aquilo que une que o que separa.

Mi hermano persigue dinosaurios é unha historia intimista, tenra e conmovedora que nos aprende o maravilloso da diversidade. Cun tratamento profundo, pero cómico, cariñoso e persoal, dun tema como o síndrome de Down.





Un precioso conto ilustrado que traslada as ensinanzas de Wonder. Unha historia deliciosa, sinxela e amable que ilustra a importancia da diversidade e a importancia de aceptar aos demais tal como son. "Sei que non podo cambiar o meu aspecto, pero, ao mellor, a xente pode cambiar a súa maneira de mirar". Wonder inspira aos seus lectores a vivir con amabilidade e tolerancia. Este libro supón unha ferramenta perfecta para falar de empatía, diversidade e amabilidade.

Invisible está narrado en primeira persoa polo protagonista principal, Eloy Moreno toma a voz dun neno para contar unha historia persoal, unha vida que puidera ser totalmente distinta se aquel día todo fora diferente, un pequeno xesto que pode cambiar unha vida.

Este é un libro de sentimentos, emocións, do día a día, coas súas cousas positivas e as súas cousas negativas, cun lado bo e outro malo. Un libro para reflexionar e mirar cara atrás para comprobar se, realmente, ás veces somos eses "monstros" que aparecen na vida da xente.






A partir de 12 anos

Diferente é a historia de Luna, unha nena moi especial que vive unha situación moi complicada cuxo soño é poder encaixar no mundo. É un ser pouco probable, pero posible ao fin e ao cabo. Ten 13 anos e unha mente privilexiada. As duras experiencias polas que xa pasou na súa corta experiencia fixérona capaz de conectar coa xente e de distinguir cada matiz da dor allea. Luna é unha loitadora nata, un exemplo para todos aqueles a quen o mundo non derruba por un pequeno problema, que posúe un sombreiro especial, cheo de maxia, co que é quen de transformar a realidade.


'María y yo' é unha obra que amosa de xeito delicado, sensible e cheo tenrura a feliz relación que mantén Miguel Gallardo coa súa filla con autismo.

Este libro está cheo de imaxes que transmiten sensacións e emocións de María, do seu pai e da súa contorna. Dende hai anos, Miguel sabe que a María os seus fantásticos debuxos fana feliz, tranquilízana e axúdana a comprender o mundo.



“Cando cheguei a casa, papá e mamá non sabían que facer conmigo. E agora?”

No somos angelitos amosa
vairas facetas dos nenos e nenas
con síndrome de Down e
desminte algunhas das crenzas
máis difundidas sobre eles/as:
sempre están ledos/as? Non,
tamén están tristes, tamén se
enfadan, tamén se divirten,
choran, son agarimosos/as, fan
trasnadas... anxiños? Para
nada! Son nenos/as!





Non son as nosas diferenzas as que nos divíden. É a nosa incapacidade para recoñecer, aceptar e festexar esas diferenzas.

Audre Lorde

EQUIPO DE BIBLIOTECA